

A vía romana XIX polos Ancares: o Comeal-Pontes de Gatín

Por *IGNACIO CABARCOS FERNÁNDEZ*
FERNANDA FOLLANA NEIRA
RAMÓN GUTIÉRREZ LÓPEZ

Agradecemento ao Colectivo Patrimonio de Ancares, a Isaac Moreno Gallo e a Santiago Ferrer Sierra, pola súa colaboración, cesión de materiais e absoluta dispoñibilidade.

Neste traballo facemos un repaso das dúas hipóteses da entrada da vía romana XIX en Galicia: por Pedrafita-As Nogais, ou por Cervantes-Becerreá.

Consideramos que o descubrimento do *agger* do Comeal (Cervantes) supón un punto de inflexión nas investigacións, afortalado polos novos achados do Colectivo Patrimonio de Ancares. Tras iso, só o trazado por Cervantes ten datos obxectivos que o verifiquen.

As boas características orográficas que O Comeal ofrece como portelo natural para salvar os Ancares, influíron na continuidade desta vía ao longo do tempo, truncada finalmente pola competencia do Novo Camiño Real, predecesor da Nacional VI.

Na memoria colectiva e na toponimia permanecen os nomes de carretera dos romanos, camiño francés, camiño vello, regueiro do Real, e camiño Real, en oposición ao novo camiño Real de Carlos Lemaur.

O mellor trazado que presenta o vello camiño romano xustificou que o primeiro proxecto de autovía A6 fose por Cervantes, rexeitado despois por motivos medioambientais.

Trazado da vía romana XIX

O portelo do Comeal ten sido ao longo dos séculos un dos pasos principais entre Galicia e a Meseta, e neste artigo argumentaremos que se corresponde coa vía romana XIX. Esta vía de entrada a Galicia, actualmente abandonada, chega dende o val leonés do río Valcarce e, superando Os Ancares polo Comeal, descende polos vales cervantegos de Riamonte, Rionaval, Pontorrón para confluír no río Cervantes ou Cancelada e, finalmente atopar o Navia en Pontes de Gatín. O Comeal atópase a unha cota de 1.100 metros e Pontes de Gatín a 400, cunha distancia aproximada de 25 qm polos camiños actuais.

A vía atravesaría as aldeas de Riamonte de Arriba e Riamonte de Abaixo, Santa Mariña, As Covas, Vilaspasantes, Pontorrón, O Fabal (parroquia de Santiago de Vilasante¹), Santa Xusta, San Martín das Cañadas², Queirugal, Mosteiro³, Villafrial, O Penedín, Santo Tomé, A Estrada⁴, A Cha⁵ e Pontes de Gatín⁶.

O itinerario entre O Comeal e Pontes de Gatín, corresponderíase coa maior parte da xornada 12^a do Itinerario de Antonino⁷, entre as mansións de Ponte Neviae (Pontes de Gatín) e Uttaris (Ruitelán), cunha lonxitude de 20 millas romanas⁸ para a xornada completa, segundo o documento.

1 Antiga parroquia de Rivasmorto.

2 Topónimo que fai referencia a un antigo camiño. Estefanía Álvarez, D.

3 Ubicación do desaparecido Mosteiro de San Salvador, obxecto do artigo seguinte.

4 «vía estrata» vía empedrada», Nicandro Arias, «Toponimia do Concello de Cervantes» (páx. 255), en *Lucensia* nº 30, 2006

5 Posibles restos de calzada, atopados polo Colectivo Patrimonio de Ancares o mes pasado e pendentes de estudo e valoración.

6 Mansión de Ponte Neviae de Antonino. Ponte de probable orixe romana, miliario coroando o pretil e achádego de restos de tégula e edificación romanas.

7 O Itinerario de Antonino establece un total de 16 etapas na Vía XIX, entre as actuais Braga e Astorga: 10 entre Braga e Lugo e 6 entre Lugo e Astorga. Relaciónanse no sentido da marcha Braga-Lugo-Astorga: neste artigo preferios traballar no sentido contrario O Comeal-Pontes de Gatín.

8 Entre 29,4 e 32,9 qm, segundo o da milla romana que se tome de 1.647 m ou 1.472 m. Este último é o valor que propoñen Colmenero e colaboradores entre Ponte Neviae e Uttaris, por estar no convento asturicense». Rodríguez Colmenero, A.; Álvarez Asorey, R., e Ferrer Sierra, S.; «Miliarios e outras construcións viarias romanas do noroeste hispánico». p. 229.

Hipótesis pola Nacional VI: Lemaur e Saavedra

O trazado da vía romana XIX polos Ancares, entre as mansións de Uttaris e Ponte Neviae do Itinerario de Antonino⁹ ten sido obxecto de controversias por parte da historiografía, que tradicionalmente se posicionou en torno a dúas alternativas: Pedrafita do Cebreiro-As Nogais, coincidindo coa Nacional VI, e O Comeal-Pontes de Gatín, polos vales de Cervantes.

Nos anos 1760, o enxeñeiro Carlos Lemaur, encargado das obras do Novo Camiño Real, precedesor da Nacional VI, aducía que estaba a seguir a vía romana XIX e, no tramo que nos ocupa, proxecta o trazado por Pedrafita do Cebreiro.¹⁰

Efectivamente Lemaur segue a Vía XIX entre Astorga e O Bierzo, pero non o fai a partir da localidade leonesa de Ruitelán, onde a vía romana toma rumbo norte por Ransinde e A Braña¹¹ cara ó Comeal. Por razóns que descoñecemos, en Ruitelán Lemaur abandoa o camiño vello dos romanos e proxecta un novo trazado hacia Pedrafita do Cebreiro. Así o fai constar xa daquela no seu informe, Baltasar Ricaud¹², sucesor de Lemaur na dirección do Camiño Real de Galicia. Deste xeito, querendo ou sen querer, Lemaur, crea o mito de que o Camiño Real Astorga-A Coruña segue a vía romana (tamén polos Ancares).

9 O Itinerario de Antonino, redactado na época do emperador Marco Aurelio Antonino, coñecido como Caracalla (211-217), describe a vía romana entre Braga, Lugo e Astorga (posteriormente chamada XIX), a través dunha relación das mansións coa indicación da distancia en millas entre elas. O documento coñécese a través de copias.

10 «Carlos Lemaur (1720-1785), ingeniero constructor de la carretera de Astorga a La Coruña, se preciaba de haber descubierto la vía romana de Astorga a Cacabelos (Bergido) cuando estudiaba el mejor trazado para el nuevo Camino Real. El insistió en que quería seguir el trazado de la nueva vía para crear el nuevo camino.» Isaac Moreno Gallo: «Vías Romanas de Astorga. Nuevos elementos de Ingeniería Romana. III Congreso de Obras Públicas Romanas, Astorga 2006. Junta de Castilla León-Colegio de Ingenieros T. de O. P.»; dispoñible en <http://traianvs.net/>.

11 Nas proximidades de Ransinde e A Braña consérvanse dous qm de caixa de calzada romana, das que falaremos máis adiante.

12 «Desde la Puente sobre el río Boeza se prosigue por el Camino Viejo pasando por Bembibre y Villafranca del Bierzo, hasta Ruytelan, en donde a corta distancia pasado el pueblo empieza otra porción de camino nuevo, distando diez leguas de la enunciada puente. Esta porción de camino desde Ruytelan al término de Piedra Fita y Noceda es de 13562 varas, avierdo en la falda mui pendiente en la falda de una cordillera, dirigido exactamente por las repetidas revueltas que forman los montes en las entradas de los barrancos». Informe de Baltasar Ricaud, Villafranca del Bierzo, 28 de julio de 1769, 2ª parte. Legajo 912 Secretaría y Superintendencia de Hacienda. Archivo General de Simancas. Notas personais cedidas por Isaac Moreno Gallo.

Un século despois, Eduardo Saavedra¹³, enxeñeiro de obras públicas, sitúa a Ponte Neviae de Antonino en As Nogais¹⁴, no discurso de ingreso á Real Academia de Historia, no que presenta a correspondencia actual de todas as mansións que aparecen no Itinerario de Antonino. No caso da Vía Romana XIX, Saavedra proxecta o trazado seguindo o Camiño Real de Lemaure sobre a premisa de que é o único itinerario posible entre O Bierzo e Lugo¹⁵ e, a continuación sitúa a Ponte Neviae nas Nogais, onde o camiño pasa o río Navia: Saavedra obvia como itinerarios posibles non só o paso do Comeal, senón tamén o Camiño de Santiago polo Cebreiro. Do seu discurso despréndese que non visitou Galicia.

O trazado da vía romana coincidente co camiño de Lemaure convírtese na única hipótese tras as investigacións de Saavedra, que foi o primeiro en estudar en España as vías romanas¹⁶ e o que as numerou creando a actual nomenclatura. Autores posteriores seguen esta corrente: Barros Silvelo, en 1875 e Monteagudo, en 1951¹⁷, Sáez de Taboada, B. (2002)¹⁸ ou máis recentemente, Gómez Vila, J.¹⁹

13 Eduardo Saavedra (1829-1912) foi membro da Real Academia de Historia, da Real Academia de la Lengua, e descubridor das ruínas de Numancia e da vía romana XVII, entre outros méritos.

14 «Ponte Neviae: en Nogales, donde hay un puente sobre el río Navia». Saavedra, E., Discurso leído ante la Real Academia de la Historia en la recepción pública de Don Eduardo Saavedra, el día 28 de diciembre de 1862, p. 100.

15 «Cuando el terreno no permite más de un trazado, como entre Mérida y Salamanca, Lugo y Astorga y Sigüenza y Calatayud, no hay más que comprobar si la suma de las distancias parciales entre las mansiones compone la efectiva que por caminos ordinarios se cuenta entre estos puntos fijos (...) y en caso de que ambas distancias coincidan, como en los trozos citados, hacer la descomposición de la total para saber adónde deben corresponder los puntos intermedios». *Ibíd.*, p. 27

16 «Será a mediados del siglo XIX, concretamente 1862, cuando aparezca la primera comunicación centrada en los caminos romanos a cargo de Saavedra», Sáez de Taboada, Benito. Aportaciones al trazado de la vía 19 del Itinerario Antonino a su paso por Galicia, revista SPAL, nº 11, 2002, p. 390.

17 *Ibíd.* p. 390-391.

18 *Ibíd.* p. 397: «La vía sale de Ponte Neviae (Los Nogales) hacia Espariz, Doncos y Noceda, por donde Lemaure al diseñar el Camino Real de Galicia, que enlazaba La Coruña y Madrid, cuyas obras comenzaron en 1763, utiliza la antigua calzada romana que unía Asturica (Astorga) con Luco Augusti (Lugo) y Brigantium (La Coruña) del Itinerario de Antonino».

19 Gómez Vila, J. «Vías romanas de la actual provincia de Lugo». Tese doutoral. 2006. Universidad de Santiago de Compostela. p. 73-75.

Localización da Ponte Neviae en Gatín e primeiras hipóteses por Cervantes

Probablemente, a identificación de Ponte Naviae con As Nogais de Saavedra é a referencia que teñen Antonio Blázquez y Delgado Aguilera e Ángel Blázquez y Jiménez cando nos anos 20 do pasado século chegan aos Ancares, no nome da Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades, co obxectivo de definir o trazado da vía romana entre O Bierzo e Lugo. Como consecuencia, Blázquez e Blázquez comezan buscando a Ponte Neviae de Antonino na localidade de As Nogais. O relato delicioso da investigación, que resulta no primeiro trazado por Pontes de Gatín, onde identifican o miliario e sitúan Ponte Neviae, merece ser coñecido da man dos autores:

«La continuación del camino desde Vega de Valcárcel fue objeto de examen minucioso; inquiriendo a las gentes del país: unos (la mayor parte) señalaban la vía por Herrerías, La Faba, Cebrero, etc, a Santiago, esto es, el camino de peregrinos, camino que, como otros así denominados, han hecho que en toda Galicia se pierda de un modo absoluto la tradición de las vías romanas. En vista de que sería difícil encontrar restos claros, por estar casi todo el suelo cultivado, me trasladé a Nogales, en cuyas inmediaciones situaban Puente Neviae, sin que durante el viaje por la carretera llegase a distinguir el más pequeño vestigio. Reconocí, ya en Los Nogales, las inmediaciones, y no pareciéndome tampoco que por allí pasase la calzada, y por indicación del señor Vega, persona culta y distinguida, bajamos al puente de Gatín sobre el río Navia. (...) Este puente, (...) presenta señales de diferentes y sucesivas reparaciones, pero puede apreciarse la primera fábrica, que es de época romana. También tiene un miliario en la parte superior; pero este se aprovechó posteriormente para grabar una inscripción que dice: *Se reedificó por orden del Protector de caminos del Reino de Galicia*».²⁰

A partir da localización de Ponte Neviae, Blázquez e Blázquez proxectan o trazado da vía romana XIX por Pontorrón hacia O Comeal:

«Los lugares de paso son: Comeal, Río Montes, Sedo, Mariño, Villaespasantes, Río de Noval, Pontorrión y Fabol, en cuyas proximidades descendía

20 Blázquez y Delgado Aguilera, A.; Blázquez y Jiménez, A. «Vías de Sigüenza a Zaragoza, de Alhambra a Zaragoza, del Vierzo a Lugo, de Lugo a Betanzos, de Betanzos a Padrón, de Tuy a Padrón y de Padrón a Lugo. Memoria de los resultados obtenidos en los trabajos y excavaciones realizados en 1921-22, de la Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades», p. 10.

de las lomas, cruzaba el río Cervantes, pasaba cerca de Mosteiro por San Martín, Quirogal, Villafriul y Estrada, llegando al Puente de Gatín. En la Vega inmediata al Puente de Gatín, también se encontraron restos, aunque poco importantes, de edificación romana, como tejas, ladrillos, y alguna cerámica romana, no pudiendo extender mucho las excavaciones por estar las tierras en cultivo».²¹

Sen máis indicios da vía romana que os que atopan en Pontes de Gatín, Blázquez e Blázquez acertan co trazado porque seguen o entón chamado camiño francés²², que daquela estaba en uso, sendo utilizado polas xentes da zona en vez da estrada Nacional VI para ir ao Bierzo a cabalo, por ser «moito máis curto e doado»: os arqueólogos recollen testemuñas de veciños, que 100 anos despois aportan datos reveladores, difíciles de coñecer por outros medios.²³

Blázquez e Blázquez son os primeiros que trazan a vía XIX por Cervantes como alternativa á hipótese orixinada por Lemaur, abrindo unha nova vía para investigacións posteriores²⁴.

Un xiro copernicano: achádego do *agger* do Comeal

En torno aos anos 2000 descúbrese o *agger* do Comeal²⁵, o único resto de vía romana catalogado na Comarca, que vén dar o espaldarazo definitivo ao trazado da Vía Romana XIX polos concellos de Cervantes e Becerreá.

Un equipo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela viñan seguindo o trazado da Vía Romana XIX na vertente leonesa que fora identificado anos atrás polo profesor da Universidade de Valladolid Tomás Mañanes, e, nada máis superar o portelo do Comeal e entrar na

21 Ibídem. p. 11

22 O «*Camiño Francés*», entón en «*moi mal estado*» aparece no Diccionario Madoz ao tratar da parroquia cervantega de Mosteiro (tomo XI, p. 622) e ao falar da de San Tomé de Cancelada (tomo V, p. 435), no que concreta que «*el CAMINO llamado Francés que se separa de la Carretera Real (de Carlos III, futura Nacional VI) en Ambas Mestas, sigue al puente de Gatín*».

23 «A este lugar llegaba, según los naturales del país, el camino que procedía de la Vega de Valcárcel, llamado camino francés, y se usaba con preferencia a la carretera por los que iban a caballo, pues es mucho más corto y fácil». Ibídem. p. 11.

24 ESTEFANÍA ÁLVAREZ, D. N. «*Vías romanas de Galicia*» (1960). Zephyrus XI. «La mansión de Pons Naviae hay que buscarla lógicamente en un puente sobre el río del mismo nombre, y el único que conocemos que cumpla esta condición es Gatín». p. 52.

25 Catalogado co código GA27012088.

aldea homónima, o *agger* aparece evidente ante os ollos dos expertos, pois daquela o terreo estaba libre de maleza.²⁶

O descubrimento do *agger* do Comeal constitúe un argumento incontestable non só da existencia dunha calzada romana, senón de que esa calzada é a Vía Romana XIX de Antonino por dous indicios: pola situación do *agger* no paso de montaña e pola dirección que toma a vía (dende os restos de Ransinde) coincidente coa descrita no Itinerario de Antonino.

Rodríguez Colmenero, Álvarez Asorey e Ferrer Sierra, debuxan o trazado da Vía XIX entre Pontes de Gatín e O Comeal, coincidente coa primeira proposta realizada por Blázquez e Blázquez, polo val de Pontorrón.²⁷ A partir dos 2000, o traballo de Colmenero e colaboradores convértese na referencia para o estudo da vía romana XIX na provincia de Lugo.²⁸

As investigacións realizadas no ámbito da provincia de Lugo, compléntanse cos traballos de investigación realizados na vertente leonesa²⁹, onde se conserva unha estrutura moi clara de vía duns dous qm nos arredores de Rasinde e A Braña, lugares próximos ao Comeal.

O miliario de Pontes de Gatín

Na ponte de Pontes de Gatín, un miliario coroa na parte media un dos pretils. Fora identificado por Blázquez e Blázquez hai un século, convertíndose daquela xunto coa propia ponte, no primeiro indicio do paso da Vía Romana XIX polos Ancares.

26 Información aportada por Santiago Ferrer Serrano, membro do proxecto de investigación da Universidade de Santiago de Compostela, dirixido por Rodríguez Colmenero.

27 «Neste último lugar [Ponte de Gatín] produciríase o cruzamento do río [Navia], sendo aquí onde posiblemente compre situar a mansión de Ponte Neviae. Dende Ponte de Gatín seguiría pola beira esquerda do río Cervantes ata cruzalo entre os lugares da Estrada, topónimo indicativo do paso da vía, e San Tomé de Cancelada. Neste tramo seguiría por onde na actualidade discorre a estrada LU-273, pasando a continuación por San Martiño das Cañadas, O Fabal, deixándoa, pouco despois, xusto antes de cruzar a ponte da Pruída, para continuar paralela ó río Pontorrón». Rodríguez Colmenero, A.; Álvarez Asorey, R., e Ferrer Sierra, S.; «Miliarios e outras construcións viarias romanas do noroeste hispánico», 2004. p. 220.

28 Colmenero e Asorey teñen unha publicación posterior onde, dende O Fabal trazan a vía cara a O Comeal por Doiras, que deu lugar á sinalética actual da ruta, probablemente con fines turísticos. Rodríguez Colmenero, A.; Álvarez Asorey, R., «Vía Romana XIX: Unha viaxe dende Lugo aos Ancares, seguindo as pegadas de Roma, 2008

29 Moreno Gallo, I. «Identificación y descripción de la Vía Romana de Astorga a Lugo, de Bérvido a Uttaris (32 kms) y a Lucus Augusti» e «Vías Romanas de Astorga. Nuevos elementos de Ingeniería Romana. III Congreso de Obras Públicas Romanas, Astorga 2006. Junta de Castilla León-Colegio de Ingenieros T. de O. P.»; dispoñible en <http://traianvs.net/>.

Cen anos despois, o Colectivo Patrimonio de Ancares, se reafirma na liña de que o miliario estaría relacionado coa vía romana XIX e que sería reutilizado posteriormente cando se lle engadiu unha inscrición, ilexible a simple vista, que xa identificaran Blázquez e Blázquez.

«No medio do unico arco consérvase un miliario que debeu pertencer á vía romana XIX que pasaba polas inmediacións, logo reutilizado en tempos de Carlos III para insculpir unha inscrición viaria que di: EL EDIFICÓ ESTE PUENTE POR ORDEN DEL PROTECTOR DE LOS CAMINOS DEL PUEBLO [...] roto el [...]».³⁰

A aplicación recente de técnicas de fotogrametría por parte do Colectivo Patrimonio de Ancares, revela no miliario unha posible inscrición romana por debaixo da do XVIII na que serían lexibles un «L» e un «X», e signos de que a inscrición foi raspada.³¹

O miliario de Pontes de Gatín non está catalogado como tal e Colmenero e colaboradores non o consideran como miliario, elemento nas súas hipóteses fundamental na identificación das vías romanas en Galicia.³²

Traballos actuais por parte do Colectivo Patrimonio de Ancares³³

O Colectivo Patrimonio dos Ancares está a realizar traballos de busca de restos arqueolóxicos na Comarca, co posterior estudo, divulgación e posta en valor. No que se refire á vía romana, os esforzos céntranse na busca de restos de calzada intermedios entre O Comeal e Pontes de Gatín, unha vez que estas dúas localizacións son evidentes.

Actualmente, teñen identificado unha probable estrutura de calzada no lugar coñecido como Campo da Vella (Vilaspasantes) e outra entre a Cha e Pontes de Gatín, nas inmediacións do que tería sido unha *villa* no lugar coñecido como Su Lata, onde o colectivo atopou restos de tégula e edificacións no 2017.

30 Moure Salgado, X., Carpenleira, P., Fernández Revaldería, J. A. Colectivo Patrimonio dos Ancares; «Pedras con Lenda» (2021) (páx. 142).

31 Información aportada polo Colectivo Patrimonio dos Ancares.

32 Rodríguez Colmenero e cols. Cit ant. «a existencia de miliarios determina, de forma axiomática, a existencia dunha vía romana á que deban ser atribuídos» p. 21. e «[o miliario é un criterio] modular e definitivo na determinación da rede romana de vías do noroeste». p. 30.

33 Os achádegos que se refiren son resultado das investigacións do Colectivo Patrimonio dos Ancares, que aporta a información deste epígrafe.

Por outro lado, no momento de escribir este artigo, teñen programadas dúas inmersións: na propia Pontes de Gatín, para intentar certificar a orixe romana da ponte, e en Pontorrón, onde a tradición oral refire que unha pedra cilíndrica duns dous metros foi utilizada para reforzar unha ponte.

Ademais teñen atopado restos de romanización nunha zona con abundancia de antigas explotacións mineiras, diversos achádegos de tégula e restos de edificación romana nas inmediacións de Pontes de Gatín, e mesmo un campamento romano coñecido como Cortiña dos Mouros³⁴ nas faldas do pico Penarrubia. Sen que esta intensa romanización puidera ser por si mesma unha evidencia da vía XIX, si debe ser interpretada como tal no contexto do seu paso.

Conclusiones

Cúmpanse 100 anos dende que Blázquez e Blázquez, no nome da Junta Superior de Excavaciones, identifican o miliario en Pontes de Gatín e sitúan a mansión de Ponte Neviae, presentando por primeira vez a hipótese da vía romana XIX por Cervantes. Neste artigo aclárase que é Lemaur cando constrúe o Novo Camiño Real Astorga-A Coruña o que estende a idea de que seguía a vía romana, tamén polos Ancares; algo que fora xa daquela desmentido polo seu sucesor, Ricaud. Documentábase tamén como, posteriormente, Saavedra sitúa a mansión de Ponte Neviae en As Nogais sen ningún argumento sólido e, destácase que a día de hoxe non se ten atopado ningún resto de calzada no tramo Ruitelán-Pedrafita-As Nogais.

Pola outra banda, o *agger* do Comeal testemuña o paso da vía romana XIX por ese portelo de entrada a Galicia. Considerados en conxunto, Pontes de Gatín, o *agger* do Comeal e o tramo de calzada de Ransinde e A Braña, son evidencias incontestables que debuxan o trazado da vía romana XIX polos Ancares.

34 Catalogado co código GA27012081



1. Miliario no petril de Pontes de Gatín



2. Miliario fotogrametría. A técnica revela a inscrición do século XVIII. Foto Colectivo Patrimonio dos Ancares



3. Pontes de Gatín, ponte de probable orixe romana. Foto Colectivo Patrimonio dos Ancares



4. Agger do Comeal no ano 2000. No fondo o portelo. Foto Santiago Ferrer Sierra



5. Tégula romana atopada na probable villa no lugar de Su Lata, no paso da vía XIX (cerca de Pontes de Gatín). Foto Colectivo Patrimonio dos Ancares



6. Muíño de pedra na villa romana de SU LATA. Foto Colectivo Patrimonio dos Ancares

